



INDICACIÓNS PARA REALIZAR A XUSTIFICACIÓN

Para realizar a xustificación da subvención deberá ter en conta o seguinte:

- ✓ **Prazo** para presentar a xustificación: ata **6 de novembro 2023**.
- ✓ Presentar o **Anexo IV**, cuberto en todos os seus campos, e **asinado**.
- ✓ **Os gastos subvencionables corresponderanse a aqueles efectivamente realizados con posterioridade á publicación destas bases (3-05-2023) e ata a finalización do prazo de presentación da xustificación (06-11-2023), relacionados co descrito na memoria que se presentou.**
- ✓ O **importe xustificado** será como mínimo o **importe da axuda concedido** na resolución. Terase en conta isto para cada liña.
- ✓ No caso de que a **xustificación se realice en papel**, presentaranse facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e, no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello.
- ✓ No caso de que a **xustificación se faga por medios electrónicos**, as facturas ou documentos xustificativos presentados serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.
- ✓ As **facturas** deberán conter os seguintes datos:
 - 1.- Emisión á persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
 - 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
 - 3.- Número de factura.
 - 4.- Lugar e data da emisión da factura.
 - 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
 - 6.- Período que corresponda.
 - 7.- Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar; salvo naquelas facturas de importe superior a 1000 €, nas que deberá constar o xustificante do ingreso bancario.



CONCELLO DE REDONDELA

- ✓ No caso da **xustificación a) Adecuación Local Comercial** deberá achegar:

1.- Obras de reforma e eliminación de barreiras arquitectónicas de acceso ao mesmo.

.- Facturas xustificativas das obras realizadas que deberán especificar con exactitude as obras realizadas.

.- As obras de accesibilidade deberán contar coa correspondente autorización municipal e certificado final de obra que garanta a súa realización conforme ao establecido nas normativas de aplicación en canto a accesibilidade.

.- Fotografías das obras realizadas.

2.- Adquisición de equipamento informático.

.- Facturas xustificativas que deberán especificar con exactitude os equipos adquiridos.

.- Fotografías do equipamento.

- ✓ No caso da **xustificación b) Eficiencia Enerxética** deberá achegar:

1.- Implementación no establecemento de medidas de eficiencia enerxética.

.- Facturas xustificativas que deberán especificar con exactitude a eficiencia enerxética realizada.

.- Fotografías das medidas de eficiencia enerxética implementada.

2.- Os gastos de elaboración de plans de aforro enerxético

.- Facturas xustificativas.

.- Copia do plan de aforro enerxético.

- ✓ No caso da **xustificación c) Gastos en Publicidade** deberá achegar:

1.- Gastos para a promoción e publicidade do establecemento comercial.

.- Facturas xustificativas que deberán especificar con exactitude a promoción e publicidade realizada segundo o subvencionable.

.- Fotografías promoción e publicidade realizada.

.- Documentación acreditativa da versión en galego.

Teñen que responder de xeito indubidable á natureza da axuda subvencionada, realizarse no prazo establecido, e estar efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.

Para calquera dúbida, por favor contactar co 986402664.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C